

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

4494 Orde TEC/351/2019, do 18 de marzo, pola que se aproba o índice nacional de calidade do aire.

A Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa, establece medidas destinadas, entre outros fins, a definir e establecer obxectivos de calidade do aire ambiente para evitar, previr ou reducir os efectos nocivos para a saúde humana e o ambiente no seu conxunto, avaliar a calidade do aire ambiente nos Estados membros baseándose en métodos e criterios comúns e asegurar que esa información sobre calidade do aire ambiente está ao dispor dos cidadáns.

A Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, establece as bases en materia de prevención, vixilancia e redución da contaminación atmosférica co fin de evitar e, cando isto non sexa posible, diminuír os danos que desta poidan derivar para as persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza.

Pola súa parte, o Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, inclúe, no seu artigo 28, unha serie de puntos para regular a información que se debe pór á disposición do público. Concretamente, o punto 9 do dito artigo, na redacción dada polo Real decreto 39/2017, do 27 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, establece que o actual Ministerio para a Transición Ecolóxica aprobará, mediante orde ministerial, un índice nacional de calidade do aire, baseado no índice de calidade do aire europeo.

Así mesmo, unha das medidas incluídas no Plan nacional de calidade do aire 2017-2019 (Plan Aire II) consiste precisamente na «elaboración de índices sinxelos de calidade do aire para o público xeral que permitan ter acceso de forma sinxela a información sobre a calidade do aire de calquera zona do territorio nacional. Estes índices estarán baseados no *Air Quality Index*, publicado pola Axencia Europea de Medio Ambiente.

O índice de calidade do aire europeo puxérono en marcha en novembro de 2017 a Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) e a Comisión Europea. Este índice permite aos usuarios comprobar a calidade actual do aire en cidades e rexións de toda Europa.

O índice europeo mostra a situación en materia de calidade do aire a nivel de cada estación, baseándose en cinco contaminantes: partículas en suspensión (PM_{2,5} e PM₁₀), ozono troposférico (O₃), dióxido de nitróxeno (NO₂) e dióxido de xofre (SO₂). O índice establece cinco niveis de calidade do aire en función do resultado do dito índice: boa, razoable, moderada, pobre e moi pobre.

Moitos dos xestores das redes rexionais e locais de España de calidade do aire dispoñen xa de indicadores ou índices propios mediante os cales informan o público de forma sinxela e visual do estado da calidade do aire. Non obstante, tales indicadores son moi heteroxéneos, polo que a existencia dun índice nacional de calidade do aire permitirá a comparación entre diferentes rexións á vez que poderá servir de orientación aos xestores para a definición dos seus propios índices.

En consecuencia, o obxecto e finalidade da presente orde é a aprobación do índice nacional de calidade do aire que, seguindo as directrices do índice europeo, axude a representar a calidade do aire no ámbito nacional dunha maneira facilmente entendible polos cidadáns e contribúa ao acceso do público á dita información ambiental dunha maneira clara. Así mesmo, permitirá a comparación da calidade do aire entre diferentes rexións, por canto os indicadores utilizados polos xestores das redes rexionais e locais de España de calidade do aire son moi heteroxéneos. Asemade, poderá servir de referencia aos ditos xestores para a definición dos seus propios índices. Este índice tamén facilitará o intercambio de información coa Unión Europea.

Esta orde consta de tres artigos, unha disposición adicional única, dúas disposicións derradeiras e un anexo. A orde regula os contaminantes en que se basea o índice e no anexo descríbese a metodoloxía do cálculo do dito índice, indicando os seus niveis e os rangos dos valores de concentración de cada contaminante para cada nivel, así como a escala de cores que se deberá seguir.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e de Melilla e as entidades representativas dos sectores afectados. Así mesmo, foi sometida ao trámite de información pública e ao Consello Asesor de Medio Ambiente, consonte as previsións dos artigos 16 e 19 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

En canto ao seu fundamento constitucional, esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a e 23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

A lexislación básica a que se refire o mencionado precepto estará integrada polas normas de rango legal, e mesmo regulamentario, sempre que estas últimas, tal e como vén recoñecendo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, entre outras na súa Sentenza 306/2000, do 12 de decembro, no fundamento xurídico 6.^o «(...) resulten imprescindibles e se xustifiquen polo seu contido técnico ou polo seu carácter conxuntural ou estacionario (SSTC 149/1991, FX 3.D.c, e 102/1995, FX 8)».

Ademais, a presente norma insírese no marco da política ambiental que prevé a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, na medida en que o índice nacional de calidade do aire é un mecanismo que facilita o acceso, así como a comprensión dos cidadáns, á información ambiental sobre o estado dun dos elementos do ambiente: o aire. Este aspecto ten carácter básico, tal e como expresa a Sentenza do Tribunal Constitucional 45/2015, do 5 de marzo, por canto proporciona un mecanismo en virtude do cal «os cidadáns poidan contribuír eficazmente á protección do ambiente, para o cal resulta fundamental a transparencia, sen que as administracións públicas poidan deixar de proporcionar ou difundir información ambiental escudándose en que se refire a asuntos que non son da súa competencia».

A presente orde adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, aos principios de necesidade e eficacia. Neste sentido, esta orde fundaméntase na adecuada protección do ambiente mediante a aprobación dun índice nacional de calidade do aire que harmonice os valores sobre calidade do aire en todo o territorio nacional. Igualmente, ten por finalidade informar de forma clara a cidadanía e considérase que é o instrumento máis adecuado para a súa consecución.

Igualmente, é conforme co principio de proporcionalidade, xa que regula os aspectos imprescindibles para establecer un índice de calidade do aire nacional.

De acordo co principio de seguranza xurídica, esta orde é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e internacional, xa que expresamente se recolle no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, e, pola súa vez, o índice toma como referencia as directrices do índice de calidade do aire europeo.

De acordo co principio de transparencia, na elaboración da norma seguíronse escrupulosamente todos os procesos de participación e audiencia que establece a normativa vixente e, de conformidade co principio de eficiencia, a orde non contén ningunha carga administrativa.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

Esta orde ten por obxecto aprobar o índice nacional de calidade do aire baseándose nos seguintes contaminantes:

- a) Partículas en suspensión PM10
- b) Partículas en suspensión PM2.5
- c) Ozono troposférico (O₃)
- d) Dióxido de nitróxeno (NO₂)
- e) Dióxido de xofre (SO₂)

2. O índice nacional de calidade do aire, establecido de acordo coas instrucións ditadas pola Axencia Europea de Medio Ambiente, informará sobre o estado da calidade do aire en cada unha das estacións distribuídas por todo o territorio nacional, con base nunha escala de cores de fácil identificación para o cidadán, de conformidade co anexo que establece a metodoloxía para o seu cálculo.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

O índice nacional de calidade do aire aplicarase a todo o territorio nacional, polo que servirá de referencia para todas as comunidades autónomas e entes locais con competencias sobre a xestión da calidade do aire no seu ámbito territorial.

Artigo 3. Publicación do índice.

1. O índice obtido cos datos recollidos en cada unha das estacións de medición publicarase na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica. Esta información actualizarase de forma continua, a medida que se reciban os datos das estacións de medición.

2. O acceso ao contido do índice será público, libre e gratuíto, de conformidade cos principios da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Disposición adicional única. *Actualización dos criterios técnicos para o cálculo do índice nacional de calidade do aire.*

Co obxecto de realizar as precisións técnicas que cumpran e logo de consulta ás comunidades autónomas e entidades locais con competencias na xestión da calidade do aire, habilitase o director xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental para modificar o anexo.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta orde dítase ao abeiro das competencias exclusivas que outorga ao Estado o artigo 149.1.16.^a e 23.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 18 de marzo de 2019. A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera Rodríguez.

ANEXO

Metodoloxía do cálculo do índice nacional de calidade do aire

O índice estará baseado nos datos en tempo real que as redes de avaliación da calidade do aire envían oficialmente ao Ministerio para a Transición Ecolóxica. Estes datos en tempo real poderanse completar, cando sexa necesario, con técnicas de modelización.

1. Cálculo dos valores.

Nos contaminantes NO₂, O₃ e SO₂ utilizaranse os valores de concentracións horarias para o cálculo do índice.

Polo que respecta a PM10 e PM2.5, o cálculo farase con base na media móbil das 24h anteriores.






2. Niveis do índice.

En función dos valores rexistrados para cada un dos contaminantes, establecerase un nivel de calidade do aire, que poderá ser:

- a) Moi bo.
- b) Bo.
- c) Regular.
- d) Malo.
- e) Moi malo.

3. Escala de cores do índice.

Cada nivel do índice irá asociado a unha cor, segundo a seguinte escala de cores.

- a) Moi bo.  Cor segundo escala RGB (0,255,250).
- b) Bo.  Cor segundo escala RGB (80,200,163).
- c) Regular.  Cor segundo escala RGB (255,255,0).
- d) Malo.  Cor segundo escala RGB (255,79,92).
- e) Moi malo.  Cor segundo escala RGB (192,0,0).

4. Rangos establecidos para cada contaminante.

Os rangos establecidos para cada nivel do índice para cada un dos contaminantes serán os seguintes:

a) PM2,5.

- 1.º Moi bo 0-10 µg/m³.
- 2.º Bo 11-20 µg/m³.
- 3.º Regular 21-25 µg/m³.
- 4.º Malo 26-50 µg/m³.
- 5.º Moi malo 51-800 µg/m³.

b) PM10.

- 1.º Moi bo 0-20 µg/m³.
- 2.º Bo 21-35 µg/m³.
- 3.º Regular 36-50 µg/m³.
- 4.º Malo 51-100 µg/m³.
- 5.º Moi malo 101-1200 µg/m³.

c) NO₂.

- 1.º Moi bo 0-40 µg/m³.
- 2.º Bo 41-100 µg/m³.

- 3.º Regular 101-200 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 4.º Malo 201-400 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 5.º Moi malo 401-1000 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.

d) O_3 :

- 1.º Moi bo 0-80 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 2.º Bo 81-120 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 3.º Regular 121-180 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 4.º Malo 181-240 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 5.º Moi malo 241-600 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.

e) SO_2 :

- 1.º Moi bo 0-100 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 2.º Bo 101-200 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 3.º Regular 201-350 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 4.º Malo 351-500 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.
- 5.º Moi malo 501-1250 $\mu\text{g}/\text{m}^3$.

O índice reflectirá o peor nivel de calquera dos cinco contaminantes.